



CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

Que polo na xunta de goberno celebrada o día 6 de outubro, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público da recollida de plásticos correspondente ao ano 2021, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 11 de outubro de 2021.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2932

Anuncio

Que na Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 7 de Outubro de 2021, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao terceiro trimestre do ano 2021:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga 3º trimestre do ano 2021).
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de sumidoiros.

Expóñense ao público polo prazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recursos: Contra o acordo de aprobación dos padróns de: abastecemento de auga, recollida de lixo, rede de sumidoiros, e servizo de axuda no fogar, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, dende o día 15 de Outubro de 2021 ata o 15 de Decembro de 2021. Finalizado o prazo pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 de Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 11 de Outubro de 2021,- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2933

Anuncio

Que polo na xunta de goberno celebrada o día 6 de outubro , ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de setembro de 2021, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 11 de Outubro de 2021.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2934

A FONSAGRADA

Anuncio

Procedemento: Delegación de competencias por substitución transitoria do Alcalde da Corporación

Expediente número: 505/2021

Asunto: Anuncio no Boletín Oficial da Provincia

Non sendo posible realizar as funcións propias da Alcaldía debido á situación de ausencia temporal do Presidente da Corporación durante o período de tempo que vai dende o día 11 de outubro ata o 20 de outubro de 2021, e de conformidade do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e conforme co previsto no artigo 63 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; procedeuse mediante resolución 2021-0016 á delegación da totalidade das funcións da Alcaldía deste Concello, no primeiro tenente de alcalde, Don Jose Ángel Fernández Carrín, dende o día 11 ata o 20 de outubro de 2021

A Fonsagrada, 11 de outubro de 2021.-. O Tenente de Alcalde, Jose Ángel Fernández Carrín,

R. 2935

LÁNCARA

Anuncio

Información pública

O Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o día 07/10/2021 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

O referido acordo exponse ó público polo prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación deste edicto no BOP, ós efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, procedéndose á publicación íntegra da devandita modificación da ordenanza.

Láncara, 11 de outubro de 2021.-O alcalde, Darío Antonio Piñeiro López.

R. 2936

Anuncio

Información pública

O Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o día 07/10/2021 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais.

O referido acordo exponse ó público polo prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación deste edicto no BOP, ós efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, procedéndose á publicación íntegra da devandita modificación da ordenanza.

Láncara, 11 de outubro de 2021.-O alcalde, Darío Antonio Piñeiro López.

R. 2937

Anuncio

Información pública

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 7 de outubro de 2021 aprobou inicialmente a modificación da base 30ª das bases de execución do presuposto para 2021 e a modificación de créditos nº 15/2021, de suplementos de crédito, financiados con cargo ó remanente líquido de tesourería, consonte ó disposto no Texto refundido da lei reguladora das facendas locais por importe de 124.000,00 euros.

O expediente expoñense ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións (artigo 170 do TRLFL). O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Láncara, 11 de outubro de 2021.-O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2938

LUGO

Anuncio

DECRETO Nº 8076/2021 do 1/10/2021

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 8 de xullo de 2020 adoptou o acordo 9/286 **APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, PARA O ANO 2020**, e no su anexo, figura entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario: 1 praza de ARQUIVEIRO/A, da Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Superior, A1.

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 181, do 8 de agosto de 2020, e DOG número 201, do 5 de outubro de 2020.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día dezoito de novembro de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o acordo 5/584 **APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUIVEIRO/A PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OEP 2020)**.

Visto que polo Decreto Nº 8064/2020 do 10/12/2020 se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Arquivo/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OEP 2020), que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo nº 5/584 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 18.11.2020

O antedito Decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo" número 294, do 23 de decembro de 2020, e extracto do mesmo no "Diario Oficial de Galicia" núm. 31, de 16 de febreiro de 2021. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" num. 61 do 12 de marzo de 2021.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 7 de xullo de 2021, adoptou, entre outros o acordo 10/431 **MODIFICACIÓN DO ACORDO 5/584 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUIVEIRO/A PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OEP 2020) EN RELACIÓN AOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR BASE 9**.

Visto que polo Decreto Nº 6350/2021 do 22/07/2021 resolveuse declarar deserta a convocatoria do proceso selectivo para acceso en propiedade a unha praza de Arquivo/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OEP 2020).

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2021, adoptou, entre outros o acordo 10/482 **PROPOSTA MODIFICACIÓN ACORDO 5/584 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADO NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 11 DE NOVEMBRO DE 2020, APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUIVEIRO/A PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OEP 2020)**

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Arquivado/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OEP 2020), que se rexerá tanto polas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE" publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 5/584 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 18 de novembro de 2020 e modificadas polos acordos 10/431 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 7 de xullo de 2021 e 10/482 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 28 de xullo de 2021, as cales quedarán redactadas do seguinte xeito:

"1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de ARQUIVEIRO/A do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018, sendo publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: ARQUIVEIRO/A

b) Grupo A (Subgrupo A1)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: técnica

- Clase: Superior

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.** De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de oposición.

4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

Título de Licenciado/a en Artes e humanidades ou Título universitario de grao e máster ou equivalente

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

Os interesados e interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excm. Sra Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na disposición final sétima da mesma).

Ás solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

a) Copia auténtica do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Copia auténtica da titulación esixida.

c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirille á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 19,50 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e Prezos Públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

PRIMEIRO EXERCICIO Tipo test. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario composto por 100 preguntas relativas ao contido do programa de materias comúns e específicas. Este cuestionario estará composto por preguntas con tres respostas alternativas, sendo unha delas a correcta. O tempo máximo para a realización deste exercicio é de 120 minutos. Cada pregunta contestada correctamente terá unha puntuación de 0,10 puntos. Para superar este primeiro exercicio e pasar ao segundo, deberá acadarse, ao menos, unha puntuación de 5 puntos.

Para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta e puntuará con 0 puntos a deixada en branco.

O exercicio que propoña o tribunal terá catro preguntas máis de reserva, claramente identificadas como tales, que substituirán ás preguntas que, se é o caso, puideran ser obxecto de anulación. As devanditas preguntas de reserva só serán valoradas no caso de que substitúan a algunha outra que fora obxecto de anulación. Estas 4 preguntas de reserva terán que ser contestadas dentro do tempo de 120 minutos.

SEGUNDO EXERCICIO. Teórico: Desenvolvemento por escrito de tres temas extraídos ao chou. A duración máxima para este exercicio será de tres horas. Cada tema será puntuado de xeito independente, sendo necesario superar cada unha das partes para poder establecer a media do segundo exercicio.

TERCEIRO EXERCICIO. Práctico que consistirá en realizar un suposto prácticos, durante un período máximo de dúas horas. Dito suposto práctico estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas.

No anuncio de convocatoria deste terceiro exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Acreditarase o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Realizarase unha proba de coñecemento da lingua galega que fixará o órgano de selección atendendo á categoría e ás funcións da praza. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio aquelas persoas aspirantes que acheguen, no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, o título CELGA 4 ou equivalentemente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

1. Arquivística:

Tema 1.- Concepto e definición de Arquivística. A evolución da Arquivística en España. Principais ciencias e técnicas auxiliares da Arquivística. Obras de referencia, manuais e principais publicacións seriadas nacionais e internacionais sobre Arquivística e Xestión Documental.

Tema 2.- A formación dos e das profesionais de arquivos en España. Os estudos nas universidades españolas. As actuacións formativas das administracións públicas e das asociacións profesionais. Os traballos de Grupos, Mesas e Conferencias profesionais en España. Bibliografía de referencia.

Tema 3.- Concepto de Paleografía. Terminoloxía paleográfica: elementos constitutivos da escritura. Clases de escritura. As abreviaturas e o seu desenvolvemento. A escritura na Idade Media e o Antigo Réxime: a escritura visigótica, a escritura carolina, a escritura gótica e as súas variedades. A escritura procesual e a escritura humanística. Bibliografía de referencia.

Tema 4.- Concepto de Diplomática. A expedición documental. Análise da forma documental: caracteres externos e internos dos documentos. As partes do documento. Cronoloxía. A validación documental: subscricións e selos. A tradición documental: orixinais e copias. Bibliografía de referencia.

Tema 5.- Concepto e definición de arquivo. Funcións, etapas e tipos. O Arquivo Electrónico Único: concepto e características. Bibliografía de referencia.

Tema 6.- Concepto e definición de documento. Definición, caracteres e valores do documento de arquivo. Características específicas dos documentos e expedientes electrónicos.

Tema 7.- O Marco Europeo de Interoperabilidade, os Esquemas Nacionais de Interoperabilidade e Seguridade e as Normas Técnicas de Interoperabilidade: a súa relación cos documentos. Bibliografía de referencia.

Tema 8.- O principio de procedencia e respecto á «orde natural» dos documentos, o ciclo vital dos documentos e o «continuum» ou continuidade dos documentos. Bibliografía de referencia.

Tema 9.- As políticas de xestión de documentos en España: orixes, características e fins. Bibliografía de referencia.

Tema 10.- A identificación de series e procedementos administrativos. A clasificación dos fondos documentais: concepto, definición e sistemas. Cadros de Clasificación. O Cadro de Clasificación Funcional da Mesa de Arquivos Municipais. Bibliografía de referencia.

Tema 11.- Os metadatos: concepto e tipos de metadatos. Os metadatos de carácter obrigatorio. O Esquema de Metadatos para a xestión de documentos electrónicos (e-EMGDE). Bibliografía de referencia.

Tema 12. As agrupacións documentais dos arquivos: conceptos, definicións e exemplos de grupo de fondos, fondo, sección ou división de fondo, serie documental, agrupación documental, expediente, documento simple e colección de documentos. As relacións existentes entre as agrupacións documentais, os axentes, as actividades e as regulacións nos sistemas de xestión documental. Bibliografía de referencia.

Tema 13.- Entradas e saídas de documentos dos arquivos. As transferencias. Outras formas de ingreso ou saída de documentos. Metodoloxía e instrumentos resultantes. O ingreso dos documentos no contexto electrónico. Bibliografía de referencia.

Tema 14.- A valoración, selección e eliminación de documentos: conceptos e definicións. Principios xerais para a valoración e selección de documentos. Uso, reutilización, migración e conservación de datos. A Comisión Cualificadora de Documentos de Galicia. Bibliografía de referencia.

Tema 15.- A planificación descritiva. A descrición arquivística multinivel. Evolución e estado actual das normas internacionais de descrición e intercambio da información arquivística. O modelo conceptual para a descrición arquivística en España. A Comisión de Normas Españolas de Descrición Arquivística (CNEDA). Bibliografía de referencia.

Tema 16.- Linguaxes documentais. Linguaxes controladas. Descriptores e tesauros. A norma española de puntos de acceso e as normas ISO de tesauros. Os tesauros como ferramentas para a recuperación da información arquivística, con especial referencia a EuroVoc. Bibliografía de referencia.

Tema 17.- As tecnoloxías da información e da comunicación ao servizo dos arquivos. As plataformas e portais europeos de difusión de contidos arquivísticos. O Portal de Arquivos Españols (PARES). As solucións horizontais, co obxecto de permitir a xestión de documentos e expedientes electrónicos, no Catálogo de Servizos de Administración Dixital do Estado.

Tema 18.- O servizo á propia institución: comunicación de información, consultas e préstamos. Procedementos tradicionais e a adaptación ao entorno electrónico. Regulamentos de funcionamento de Arquivos Municipais de Galicia.

Tema 19.- Os arquivos ao servizo da cidadanía: A deontoloxía profesional. O postcustodialismo. Dereitos humanos, conflitos políticosociales e perspectiva de xénero nos arquivos.

Tema 20.- A función social, cultural e educativa nos arquivos. Comunicación estratéxica. O Portal de Arquivos de Galicia. Bibliografía de referencia.

Tema 21.- O edificio, os depósitos e outras instalacións do arquivo: características arquitectónicas. Áreas, circuítos de circulación e mobiliario. Medidas ambientais e de seguridade. Os plans de continxencias e desastres. Actuacións de emerxencia en caso de desastre. Bibliografía de referencia.

Tema 22.- Os materiais documentais. Tipos e causas fisicoquímicas, biolóxicas e ambientais de alteración. Medidas de conservación preventiva dos documentos. Bibliografía de referencia.

Tema 23.- Soportes documentais: Pergamiños, Papel tradicional e industrial. As tintas. Soportes fotográficos tradicionais, e a súa conservación e instalación. Bibliografía de referencia. Os riscos e as medidas de conservación dos documentos electrónicos.

Tema 24.- A restauración: métodos, técnicas e procedementos. Etapas dun proceso de restauración de documentos gráficos e outros materiais documentais conservados nos arquivos. A planificación e organización do laboratorio de restauración. A restauración dos soportes fotográficos. Bibliografía de referencia.

Tema 25.- A reprografía, microfilmación e dixitalización de documentos nos arquivos: obxectivos e programas. A planificación arquivística da reprodución de documentos. A dixitalización de imaxes. Os formatos de arquivos dixitais. A dixitalización no ámbito da tramitación administrativa. Bibliografía de referencia.

Tema 26.- A lexislación básica do Estado que afecta os arquivos e ao patrimonio documental. A lexislación sobre arquivos e patrimonio documental en Galicia. Bibliografía de referencia.

Tema 27.- O dereito de acceso das persoas á información pública. O dereito de acceso da cidadanía á información contida nos arquivos públicos. Límites ao dereito de acceso. O regulamento europeo sobre protección de datos. Bibliografía de referencia.

Tema 28.- A transparencia activa: a posta ao dispor da información pública. A normativa reguladora da reutilización da información do sector público. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. O Portal de Transparencia de do Concello de Lugo. Bibliografía de referencia.

Tema 29.- O Sistema Español de Arquivos. O Consello de Cooperación Arquivística. O Censo-Guí de Arquivos dos bens integrantes do Patrimonio Documental. Os arquivos de titularidade e xestión da Administración Xeral do Estado. Bibliografía de referencia.

Tema 30.- Os arquivos de titularidade estatal xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia. Bibliografía de referencia.

Tema 31.- Os arquivos do Poder Xudicial. Bibliografía de referencia.

Tema 32.- O Sistema de Arquivos de Galicia. Os órganos coordinadores e de participación do Sistema. Os Subsistemas de Arquivos de Galicia. Bibliografía de referencia.

Tema 33.- Os arquivos de titularidade autonómica de Galicia. Bibliografía de referencia.

Tema 34.- Os arquivos parlamentarios españois. Biblioteca de referencia.

Tema 35.- Os arquivos das Entidades Locais, con especial referencia aos de Galicia. Bibliografía de referencia.

Tema 36.- Os arquivos universitarios españois, con especial referencia a Galicia. Bibliografía de referencia.

Tema 37.- Os arquivos de titularidade privada. Os arquivos eclesiásticos en Galicia. Bibliografía de referencia.

Tema 38.- A cooperación arquivística. A Coordinadora de Asociacións de Arqueiros e outras organizacións profesionais nacionais, con especial referencia a BAMAD - Galicia. Organismos de cooperación arquivística de ámbito internacional. Bibliografía de referencia.

Tema 39.- As políticas públicas no ámbito dos arquivos. Actuacións do Estado e da Administración de Xustiza . As políticas de arquivos da Xunta de Galicia desde a creación da Autonomía. As políticas das Deputacións Provinciais de Galicia nos arquivos das Entidades Locais. Bibliografía de referencia.

Tema 40.- Os portais de arquivos europeos: os arquivos non proxecto Europeana Collections e o Arquivo Portal Europe. Contidos básicos.

41.- O sistema arquivístico da Defensa: Organización, funcionamento, normativa específica e tipos de arquivo. Os arquivos históricos militares. Bibliografía de referencia.

Historia das institucións

Tema 42.- A historia das institucións político-administrativas españolas. Concepto e definición. Orixe, evolución e etapas das institucións político-administrativas desde a Idade Media ata a actualidade. Correntes historiográficas e bibliografía xeral.

Tema 43.- As Chancelerías castelán-leonesa, catalano-aragonesa e navarra. Organización tipoloxía diplomática e sistemas de escritura.

Tema 44.- Monarquía e Estado na Idade Media.

Tema 45.- A creación do Estado moderno. A Administración e o réxime polisinodial: consellos, xuntas, secretarías.

Tema 46.- A Administración de Xustiza dende a Idade Media até o fin do Réxime Franquista

Tema 47.- A Facenda pública e o sistema fiscal dende a Idade Media até o fin do Réxime Franquista.

Tema 48.- A Administración Territorial dende a Idade Media até o fin do Réxime Franquista.

Tema 49.- O municipio e o réxime municipal dende a Idade Media até o fin do Réxime Franquista.

Tema 50.- A Xunta do Reino de Galicia. Fontes documentais e bibliografía para o seu estudo.

Tema 51.- A organización da Igrexa católica en España dende a Idade Media até o fin do Réxime Franquista. As ordes relixiosas A Inquisición española.

Tema 52.- O Exército e a Mariña dende a Idade Media até o fin do Réxime Franquista.

Tema 53.- Orixe e organización da educación e o ensino dende a Idade Media até o fin do Réxime Franquista. A organización dos estudos e os graos das primeiras universidades españolas, con especial referencia á Universidade de Santiago de Compostela.

Tema 54.- O réxime señorial e a institución do morgado.

Tema 55.- O Constitucionalismo español e as Cortes Españolas até o fin do Réxime Franquista.

Tema 56.- Os procesos desamortizadores dos séculos XVIII e XIX.

Tema 57.- A institución notarial e os Rexistros da Propiedade e Mercantís en España.

Tema 58.- Os partidos políticos e organizacións sindicais dende o século XIX até o fin do Réxime Franquista.

Fontes

Tema 59.- Arquivos, fontes documentais e bibliografía de referencia para o estudo das Cortes dos reinos hispánicos e das Cortes Españolas.

Tema 60.- Arquivos, fontes documentais e bibliografía de referencia para o estudo das Chancelerías das Coroas de Aragón, Castela e Navarra.

Tema 61.- Arquivos, fontes documentais e bibliografía de referencia para o estudo da Facenda e os sistemas fiscais en España dende a Idade Media até o fin do Réxime Franquista.

Tema 62.- Arquivos, fontes documentais e bibliografía de referencia para o estudo da Administración de Xustiza en España dende a Idade Media até o fin do Réxime Franquista.

Tema 63.- Arquivos, fontes documentais e bibliografía de referencia para o estudo do Municipio e o Réxime Local.

Tema 64.- Arquivos, fontes documentais e bibliografía de referencia para o estudo dos Señoríos e o Réxime Señorial en España.

Tema 65.- Arquivos, fontes documentais e bibliografía de referencia para o estudo dos exércitos españois dende a Idade Media até o fin do Réxime Franquista.

Tema 66.- Arquivos, fontes documentais e bibliografía de referencia para o estudo da Igrexa católica en España.

Tema 67.- Arquivos, fontes documentais e bibliografía de referencia para o estudo da estrutura de goberno e a administración dende a Idade Media até o fin do Réxime Franquista.

Tema 68.- Arquivos, fontes documentais e bibliografía de referencia para o estudo da organización territorial de España dende a Idade Media até o fin do Réxime Franquista.

Tema 69.- Arquivos, fontes documentais e bibliografía de referencia para o estudo do Notariado e dos Rexistros da Propiedade e Mercantís en España.

Tema 70.- Arquivos, fontes documentais e bibliografía para o estudo das relacións internacionais e a política exterior de España na Idade Contemporánea.

Tema 71.- Arquivos e fontes documentais para o estudo das organizacións políticas, sindicais e empresariais. Bibliografía.

Tema 72.- Arquivos, fontes documentais e bibliografía de referencia para o estudo da historia das dúas administracións españolas durante a Guerra Civil, das xurisdicións especiais e das novas institucións políticas e organismos do Estado Franquista.

O temario aquí indicado establece unha lexislación que pode verse alterada no suposto de que no momento da convocatoria fose aprobada outra lexislación que derogue ou modifique a aquí indicada; motivo polo que a lexislación obxecto de exame sempre será a vixente na data do exame.

8º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.

9º.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Presidenta:

Dona M^a Dolores Pereira Oliveira, Directora do Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

Suplente: Don Fernando Prado Rodríguez, Técnico de Administración Xeral do servizo de Facenda Local do Concello de Lugo

Vogais:

Titular: D.^a Rosa Martín Rey, Xefa de Sección de Xestión Xerancia Territorial do Catastro de Lugo. Corpo facultativo de Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos do Estado.

Suplente: D.^a Isabel Ozores Sieira, Licenciada en dereito do Concello de Lugo.

Titular: D.^a Olimpia López Rodríguez, Xefa de Sección de Arquivo da Xunta.

Suplente: D.^a Ana Isabel Sáez Mancebo, Técnico de Administración Xeral do Concello de Lugo.

Titular: D.^a Covadonga Honrado Honrado, Xefa de Servizo de Licenzas do Concello de Lugo.

Suplente: D. José María González Rodríguez, Xefe de Servizo de Urbanismo do Concello de Lugo.

Secretaría:

Titular: D.^a María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.

Suplente: D. Justo Díaz Rodríguez. Adxunto de Servizo de Xestión Urbanística do Concello de Lugo (A1).

10. RECURSOS

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-se-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Segundo.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 1 de outubro de 2021.

R. 2939

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE AGOSTO 2021

.Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 08 de setembro de 2021 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de agosto de 2021, de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de agosto : 4255,31€

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de outubro de 2021 e o 01 de decembro de 2021. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdicción.

Pedrafita do Cebreiro, 6 de outubro de 2021.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2940

SARRIA

Anuncio

Aprobada provisionalmente por acordo do Concello Pleno, adoptado en sesión celebrada o día 30 de setembro de 2021, a desafectación ó uso público e, polo tanto, a alteración da cualificación xurídica, pasando de ben de domicilio público a ben patrimonial, como parcela sobrante, da traza dun ramal dun camiño público no lugar de

Santa Marta, parroquia de Santa María de Ortoá , con referencia catastral 27057A029090430000JW, duns 1.350 m² aproximadamente segundo a cartografía catastral.

De conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública o expediente polo prazo dun mes, a contar do día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Durante devandito prazo poderá ser examinado o expediente e formularse as alegacións que se estimen pertinentes, de non habelas elevarase automaticamente a definitivo o acordo de 30/09/2021 no que se aprobou provisionalmente a alteración da cualificación xurídica do ben citado.

Sarria, 12 de outubro de 2021.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2941

XERMADE

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL N.º 8 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO CONCELLO DE XERMADE

Non presentándose alegacións no prazo de exposición pública, enténdese definitivamente aprobada a modificación da ordenanza fiscal n.º 8, reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles acordada polo Pleno na sesión ordinaria celebrada o 12 de agosto de 2021, publicándose o seu texto íntegro, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do abril, facendo constar que contra a aprobación definitiva da ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da data de publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia.

“ORDENANZA FISCAL N.º 8: IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

ARTIGO 1. TIPO IMPOSITIVO

De conformidade co previsto no artigo 72 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais:

- a.- O tipo de gravame do imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens urbanos, queda fixado no 0,45 %.
- b.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens rústicos queda fixado no 0,45 %.
- c.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de características especiais queda fixado no 1,30%.

ARTIGO 2. EXENCIONS

1.- Gozarán de exención os inmobles previstos no artigo 62.1 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

2.- Gozarán tamén de exención, previa solicitude, os inmobles previstos no artigo 62.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

3.- Gozarán asemade de exención os seguintes inmobles:

A) Os bens urbanos, sempre que a cota líquida, resultante da aplicación dos beneficios fiscais, sexa inferior a 6 euros.

B) Os bens rústicos, sempre que a cota líquida, resultante da aplicación dos beneficios fiscais, e unha vez agrupada conforme ao previsto no artigo 77.2 do RDL 2/2004 sexa inferior a 6 euros.

ARTIGO 3. BONIFICACIONES OBRIGATORIAS

1.- Gozarán dunha bonificación do 50 por 100 na cota íntegra do imposto, previa solicitude polo interesados, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que comecen as obras ata o posterior ó remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude da bonificación débese formular durante o ano correspondente ó inicio das obras.

Para gozar da citada bonificación, os interesados deberán presentar a documentación seguinte:

- A) Certificación ou copia cotexada da preceptiva licenza municipal que autorice a realización das obras.

B) Copia do recibo en concepto de Imposto sobre Bens Inmóbles, correspondente ó inmovible ó que se refire a solicitude de exención. No seu defecto: Certificación expedida pola Xerencia Territorial do Catastro, na que se faga constar a referencia catastral do referido inmovible.

C) Certificación do/a Técnico/a-Director/a das obras de construción, visada polo Colexio Oficial competente, na que se indique a data de inicio das obras.

D) Documentación que acredite que o inmovible anteriormente mencionado polo que se solicita a bonificación non figura entre os bens do inmovilizado da empresa: cédula de cualificación provisional, si se trata de vivendas de protección oficial; fotocopia do último balance de situación presentado ante Facenda; o certificación do censor xurado de contas, na que conste tal circunstancia.

E) Documentación na que se acredite que os inmóbles cuxas obras teñen principiado constitúen o obxecto da empresa de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria: fotocopia dos Estatutos Sociais ou fotocopia da declaración de Alta no Imposto sobre Actividades Económicas.

En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo establecido determinará a denegación da bonificación instada.

2.- As vivendas de protección oficial, e as equiparables a estas segundo a lei da Comunidade Autónoma, gozarán dunha bonificación do 50 por 100 da cota íntegra do Imposto durante o prazo de tres anos, contados dende o exercicio seguinte ó do outorgamento da cualificación definitiva. Esta bonificación terá que ser solicitada polo interesado en calquera momento anterior a terminación do prazo de tres anos e terá efectos desde o período seguinte ao da solicitude.

Os solicitantes presentarán a cédula de cualificación definitiva como Vivenda de Protección Oficial do inmovible e a documentación acreditativa da titularidade do devandito inmovible.

3.- Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra e no seu caso do recargo do imposto o que se refire o artigo 153 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (RDL 2/2004) os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra nos termos establecidos na Lei 20/1990 de 19 de decembro sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

ARTIGO 4. BONIFICACIONES POTESTATIVAS POR ORDENANZA FISCAL

1.- Segundo o previsto no parágrafo 4 do artigo 74 da Lei establécese unha bonificación do 80 por 100 da cota íntegra do Imposto a favor dos suxeitos pasivos que ostenten a condición de titular de familia numerosa, sempre que se dean os seguintes requisitos:

- Que o inmovible estea destinado a vivenda permanente do suxeito pasivo titular de familia numerosa. Este extremo acreditarase mediante certificación de empadramento e residencia á que se unirá un informe emitido polos servizos sociais do Concello.
- Que se solicite pola persoa interesada ou representante debidamente acreditado.
- A súa duración finalizará, cando por cumprimento da maioría de idade dos fillos integrantes da familia ou outras circunstancias, non se dean cos restantes membros a cualificación legal de familia numerosa.

Artigo 5. COMPATIBILIDADE DE BONIFICACIÓNS

En todo caso, e para as bonificacións obrigatorias e potestativas cando afectan ao mesmo inmovible, a bonificación máxima a aplicar nunca superará a maior bonificación a que teña dereito e sempre se entenderá integrada nela a bonificación de carácter obrigatorio.

Artigo 6. XESTION LIQUIDACIÓN

5.1.- A vista da documentación presentada no referente a bonificacións obrigatorias reguladas no artigo 3 desta Ordenanza, dítase resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida só producirá efectos para o período impositivo no que se insta a súa concesión, debendo solicitarse a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, presentando de novo a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos para o seu goce. En calquera caso, a presentación da solicitude farase con anterioridade ao 31 de decembro do ano anterior ao que debe ser aplicada a bonificación. En caso contrario, dará lugar a súa inadmisión e á conseguinte denegación da bonificación instada.

5.2.- A vista da documentación de valoración catastral elaborada pola Xerencia do Catastro inmobiliario aplicarase a bonificación potestativa regulada no artigo 4º da presente Ordenanza Fiscal e tendo en conta o previsto no artigo 5ª da mesma.

Artigo 7. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Artigo 8. NORMATIVA

Para o que non estea expresamente regulado na presente Ordenanza será de aplicación os preceptos contidos no Capítulo II Sección 3ª Subsección 2ª artigos 60 a 77 do Texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo concordantes e complementarios da mesma de demais leis estatais reguladoras da materia así como disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza fiscal, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 12 de agosto de 2021, entrará en vigor, o día seguinte da súa publicación íntegra no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.”

Xermade, 11 de outubro de 2021.-O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2942

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO***Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **24 de setembro de 2021**, acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

CERVANTES: substituto: DON DAVID DORAL GARCÍA. DNI 76579850Q.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 30 de setembro de 2021.-A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 2943

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio*

Expediente número: A/27/23174

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Luis López Fernández

Nombre del río o corriente: Manantial

Caudal solicitado: 0,058 l/seg.

Punto de emplazamiento: Rebolín, parcela 140 del polígono 127

Término Municipal y Provincia: A Fonsagrada (Lugo)

Destino: Uso ganadero

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS:

Captación y conducción por tubería de PVC hasta depósito y abrevadero en la parcela 139 del polígono 127.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el

Ayuntamiento de A Fonsagrada o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 28 de septiembre de 2021.-El Titulado Superior de Gestión y Servicios Comunes, Pedro Granda Rodríguez.

R. 2852

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO - SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: **V/27/01401**

PETICIONARIO: Manuel Graña Vilabella

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Churiz nº 3

LOCALIDAD: Churiz Caraño (San Martiño)

TÉRM. MUNICIPAL: Pol

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Senra de/Senra de

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Churiz nº 3" - "Manuel Graña Vilabella", con un volumen máximo anual de 124,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 8 de octubre de 2021.-EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R 2944

NOTARÍA

Anuncio

MANUEL IGNACIO CASTRO-GIL IGLESIAS, Notario del Ilustre Colegio de Galicia, con residencia en 27001 Lugo, Calle de la Reina, 1, 4º,

Hago constar:

Que en esta Notaría, a instancia de DON JULIO NÚÑEZ CHAO, DOÑA ADELINA RÍO NÚÑEZ y DON JOSÉ NÚÑEZ ESPÍN, se ha tramitado la partición mediante sorteo ante Notario de las herencias quedadas al fallecimiento de DON JOSÉ y DOÑA AURORA NÚÑEZ CHAO, en los términos de los artículos 295 y siguientes de la Ley de Derecho Civil de Galicia, 2/2006, de 14 de Junio. Ello, en acta autorizada por mí, el día dieciocho de diciembre de dos mil veinte, con el número 4.095 de mi Protocolo.

Y siendo heredero interesado, DON EDUARDO NÚÑEZ CHAO, cuyo domicilio se ignora, por el presente se le notifica:

Que mediante escritura autorizada por el Notario de Lugo, Don Manuel Ignacio Castro-Gil Iglesias, el día 7 de septiembre de 2021, con el número 3.470 de su protocolo, se ha procedido por parte del contador-partidor elegido por sorteo entre los propuestos, a formalizar el inventario de los bienes de la herencia y los lotes

correspondientes a cada uno de los interesados en la misma, protocolizándose a continuación la partición en la referida escritura pública.

Lo que se hace constar a los efectos legales oportunos.

En Lugo, a once de octubre de dos mil veintiuno.

R. 2945
